

MEDIDAS PREVENTIVAS DA PREDACIÓN DO GANDO PARA A CONVIVENCIA CO LOBO EN GALICIA (AC2021C-1)

Este estudo tivo como obxectivo dar resposta ás necesidades das ganderías que conviven co lobo, mediante a avaliación das medidas preventivas fronte aos seus ataques. Ata o momento, a efectividade destas medidas non foi avaliada nun estudo con suficiente robustez, máis aló de estudos de casos illados, que presentan unha fiabilidade limitada.

O dato máis relevante do proxecto é a elevada efectividade de todos os peches propostos. Na maior parte dos casos, o lobo non conseguiu acceder ao interior dos peches, a pesar de que estes se atopaban distribuídos por diferentes zonas de Galicia. Isto permite descartar un posible efecto asociado ao contacto cunha soa manda ou grupo concreto de lobos.

O custo da instalación dos peches resultou moi variable, desde menos de 2 € por metro lineal, no caso da malla móbil electrificada, ata 14,57 € por metro lineal nos peches de malla fixa. Porén, tamén existen diferenzas significativas no custo de mantemento: a malla móbil haina que cambiar con regularidade, o que supón horas de traballo, mentres que nos peches fixos soamente hai que meter e sacar o gando cada vez que se queira pastar a parcela.